

RADIOTERAPIA INTRAOPERATORIA EN SARCOMA DE PARTES BLANDAS.

Introdución:

Os sarcomaes son neoplasias malignas derivadas do tecido mesenquimatoso. A súa incidencia e prevalencia é baixa, globalmente constitúen só o 1% dos tumores malignos. A Radioterapia Intraoperatoria (RIO) é un tipo de terapia que permite administrar unha dose alta de radiación ionizante durante a intervención cirúrxica no tumor non resecado ou no leito cirúrxico coa finalidade do control local do tumor. O seu principal vantaxe é que permite a protección dos tecidos sans do feixe de radiación. Pódese administrar cando existe enfermidade microscópica residual e aínda que se empregan doses altas de radiación o risco de toxicidade está diminuído. Cada tecido ten un comportamento propio ante a radiación pero pódese afirmar que doses de 25 Gy normalmente son ben toleradas.

Obxectivos:

Valorar a eficacia, efectividade e calidade de vida proporcionada pola RIO como tratamento nos sarcomaes de partes brandas. Valorar a seguridade da RIO como tratamento nos sarcomaes de partes brandas.

Métodos:

Realizouse unha revisión da literatura científica dende xaneiro de 1995 ata abril de 2007 nas seguintes bases de datos. Bases de datos especializadas en revisións sistemáticas: HTA (Health Technology Assessment), DARE (Database of Abstracts of Reviews of Effectiveness), NHS EED (Economic Evaluation Database do National Health Service), Trip database e a Cochrane Library Plus. Bases de datos xerais: Medline, Embase e ISI Web of Science. Os resultados da busca foron avaliados por dous revisores de modo independente para analizar se se cumprían os criterios de inclusión, aqueles potencialmente incluíbles foron solicitados a texto completo. A calidade dos estudos incluídos foi avaliada mediante unha escala adaptada dun informe anterior sobre RIO en cancro de páncreas.

DOCUMENTOS

RELACIONADOS

Solicitud de
documento